CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

EXPOSICIÓN PÚBLICA APROBACIÓN PADRÓNS FISCAIS SAF OUTUBRO 2026

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de novembro de 2026 aprobáronse os padróns fiscais do mes de outubro de 2026 correspondentes ao prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar para as dúas modalidades: dependencia e libre concorrencia, por importes respectivos 3.045,18 € e 804,21 €.

Os devanditos padróns expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, que tamén se publicará no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, para que os/as interesados/as poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes.

Así mesmo, mediante este anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación .

Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose. Asemade poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, segundo o artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, contados desde o dia seguinte ao da data de aprobación do padrón fiscal pola Xunta de Goberno Local anteriormente indicada, e transcorrido este procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Canto ao lugar de ingreso e modalidade de cobro, de acordo co previsto na Ordenanza fiscal municipal reguladora deste prezo público, será mediante domiciliación bancaria. Os recibos enviaranse para o seu cargo nas contas bancarias designadas polas persoas contribuíntes contribuíntes entre os días 10 e 12 de decembro de 2026.

Monfero, 16 de novembro de 2026

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

CVD: uiirY9hLIsX/7a4AdJNy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.monfero.es/